



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



Xacobeo 21-22

CAMPIONATO GALEGO CD/JR/SUB-21

Aclaracións sobre a competición

MODALIDADE DE KATA INDIVIDUAL:

Realizarase segundo o actual sistema de puntuación e distribución en grupos e rondas. Cada xuíz dará unha única puntuación que debe contemplar tanto o nivel técnico coma o atlético (70% parte técnica/30% parte atlética).

En caso de empate, observaranse os seguintes criterios para desfacer a igualdade:

1. Mínima máis alta das puntuacións válidas.
2. Máxima máis alta das puntuacións válidas.
3. Mínima máis alta das puntuacións eliminadas.
4. Máxima máis alta das puntuacións eliminadas.
5. Kata de desempate.

O kata a realizar será libre. En ningún caso se poderá repetir un kata realizado con anterioridade. Ademais terase en conta o seguinte:

- ➔ Os participantes de cada grupo deberán comunicar o kata a realizar en cada ronda antes de iniciar la competición.
- ➔ Cor do cinto en cada ronda: AKA en rondas impares/AO en rondas pares.
- ➔ Engádesse unha falta máis nos criterios para a valoración do kata: ***“A máscara deberá estar perfectamente axustada na realización do kata. O desprazamento, caída e/ou desaxuste da mesma será catalogado como falta leve, tanto si é de xeito intencionado como casual.”***

MODALIDADE DE KUMITE:

A competición desenvolverase mediante un sistema de pool única ou de multipool+final, en función do número de deportistas participantes por categoría. Nas categorías con 2 pool celebraranse posteriormente os encontros de semifinais (1º pool 1 – 2º pool 2/1º pool 2 – 2º pool 1) e a final.



FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE
E DISCIPLINAS ASOCIADAS



Xacobeo 21-22

Criterios para a clasificación:

1. Puntos sumados por vitorias e empates (vitoria 2 puntos/empate 1 punto)
2. Maior número de puntos marcados a favor.
3. Menor número de puntos recibidos en contra.
4. Combate de desempate.

Ademais teranse en conta as seguintes situacións especiais nos combates de liga:

- **KIKEN:** Anúlense todos os encontros dese competidor, excepto cando o abandono se produce no último encontro da liga. Nese caso, consérvanse os resultados dos anteriores encontros. No último encontro, concédese a vitoria ao gañador e contabilízanse os puntos que indique o marcador antes do kiken.
- **HANSOKU:** Rexístrase a vitoria para o competidor que corresponda, contabilizándose un resultado de 4-0 ao seu favor, excepto cando gañador sume unha cifra maior de puntos, nese caso contabilizarase a puntuación que teña obtido. O deportista descalificado non suma puntos.
- **SHIKKAKU:** Anúlense todos os encontros do competidor que recibe o shikkaku.

IMPORTANTE: Os resultados parciais non serán contemplados en caso de empate a vitorias.

REVISIÓN DE VIDEO:

En caso de pool única a revisión de video estará sempre a disposición do coach ata que a decisión sexa negativa. No caso da multi-pool, volverase a recuperar nos encontros de medalla.

AS MÁSCARAS PERMITIDAS TANTO EN KATA COMO EN KUMITE SERÁN AS CIRÚRXCAS, FFP2 E KN95. NON ESTARÁ PERMITIDO COMPETIR CUN MODELO DIFERENTE AOS CITADOS ANTERIORMENTE. OS COACHS DOS DEPORTISTAS DEBERÁN DISPOÑER DE MÁSCARAS DE REPOSTO, PARA PODER SUSTITUIR AQUELAS QUE RESULTEN DANADAS OU DETERIORADAS.

TAL COMO ESTABLECE O PROTOCOLO FEDERATIVO POR EXPOSICIÓN AO NOVO CORONAVIRUS (SARS-COV-2), NON ESTARÁ PERMITIDO INTERCAMBIAR OS ELEMENTOS DE PROTECCIÓN EMPREGADOS NA MODALIDADE DE KUMITE, SENDO ESTOS DE USO PERSOAL E INTRANSFERIBLE.